

CONTIDOS MÍNIMOS.

Contidos mínimos de primeiro de ESO

a) contidos conceptuais

Funcións comunicativas

1. Tomar contacto: identificarse, saudar, despedirse, presentarse e presentar a alguén.
2. Identificar obxectos e persoas. Dar as grazas.
3. Comprender, pedir e dar información persoal. Describir e caracterizar unha persoa. Describir accións. Enumerar. Expresar a negación. Dar a súa opinión.
4. Pedir e indicar a data.
5. Comprender, pedir e dar información sobre persoas e cousas, comparar estas informacións. Facer preguntas e dar respostas. Expresar os gustos. Pedir a alguén que faga algo. Indicar a cor. Ser educado. Expresar a causa. Contar a xornada
6. Comprender, pedir e dar información sobre a localización de persoas e cousas Preguntar e dicir a onde se vai. Situar no espacio.
7. Pedir e dar a hora.
8. Comprender, pedir e dar información sobre a posesión.

Contidos morfosintácticos

Saídos e despedidas. Fórmulas de cortesía. Presente de être e avoir, dos verbos en -er, faire e aller. Presente dos verbos pronominais L'impératif dos verbos en -er Numerais (0-1000) A data. A idade. Formación do plural (diferencias gráficas e fonéticas). Adxectivos (masculino/feminino; diferencias gráficas e fonéticas). Determinantes definidos, indefinidos contractos e un, une, des., le, la ,l', les, au / aux.) Adverbios de lugar: où, d'où. Preposicións, adverbios e locucións de lugar: sur, sous, dans, sous, à côté de, à gauche, à droite, entre, devant, derrière, ...(elementais). Conectores: et, Qu'est-ce que c'est?, qui est-ce?, c'est...,Combien? Quel? Pourquoi? Parce que A qui est-ce? c'est à+ pronomes tónicos. Os adxectivos posesivos (un posuidor) A negación ne...pas. Il y a, est-ce qu'il y a, il n'y a pas de ... Contestacións: oui /non

Contidos lexicais:

Vocabulario específico da aula. Vocabulario específico do entorno escolar e familiar. Adxectivos de descrición e de cor. Os días da semana e os meses do ano. Vocabulario específico das partes do corpo. Vocabulario específico das profesións Verbos de acción. Os animais. As principais comidas e os momentos do día

Contidos fonéticos:

Identificación do francés. Ritmo do francés. Sons máis específicos da lingua francesa insistindo nas diferencias coa(s) lingua(s) materna(s) (galego e castelán): /e/, /ü/, /a/, /i/, /y/, /b/, /v/, /s/, /z/, /œ/, /ol/ a e muda, as vocais nasais. Entoación de frases afirmativas, exclamativas e interrogativas. A liaison.

Contidos socioculturais:

A escola en Francia. Os franceses e as vacacións. Francia: ríos e vilas máis importantes. Francia e a francofonía

b) Contidos procedementais:

Identificación e análise da forma, a función e o significado dos elementos que integran o sistema lingüístico artigos, xénero e número, posesivos, interrogativos, adverbios, conxugacións, ... Discriminación auditiva, recoñecemento e identificación de elementos significativos, entoacións, fonemas. Reproducción dos sons e entoacións do francés. Comprensión global e esencial de textos orais e escritos: cancións, poemas, diálogos, cómics, prensa, ... Producción de textos orais e escritos sinxelos :diálogos, descricións, pequenas narracións, cuestionarios,... Participación activa en diálogos, enquisas e dramatizacións, usando estratexias para manter a comunicación. Cumprimentación de fichas, cuestionarios, e produción de breves textos escritos a partir de pautas. Inducción e deducción de normas gramaticais. Recurso a diferentes formas de aprendizaxe: proxectos, collages, xogos, cancións, adiviñanzas, ... Aplicación de técnicas de consulta e tratamento das

fontes de información: consulta de cadros gramaticais, léxico personalizado, diccionario, interacción con compañeiros e profesores, ...Reflexión sobre a propia aprendizaxe

c) Contidos actitudinais:

Actitude positiva respecto á aprendizaxe do francés e interese por comunicarse en francés. Actitude reflexiva, creativa e cívica na comunicación oral. Respecto e valoración das opinións alleas en intercambios orais e escritos. Respecto cara a outros pobos e culturas. Responsabilidade no traballo en grupo, colaboración e participación. Atención e concentración en clase e regularidade no traballo e presentación coidada dos traballos. Aceptación das regras de xogos e das formas de traballo na aula.

Contidos mínimos de segundo de ESO

a) contidos conceptuais.

Funcións comunicativas:

1. Situar e describir un lugar; comprender, dar e pedir información sobre o entorno. Indicar o lugar. Preguntar e indicar a dirección. Indicar a procedencia. Describir unha habitación, un piso.
2. Comprender, dar e pedir información sobre gustos e actividades / habilidades / coñecementos. Expresar preferencias. Pedir e dar información sobre algo. Pedir e dar explicacións.
3. Expresar a posesión.
4. Comprender, preguntar e dar información sobre os feitos habituais da vida cotiá. Indicar unha acción inmediata. Afirmar, negar, preguntar.
5. Invitar a alguén, aceptar ou rexeitar unha invitación.
6. Facer compras, preguntar o prezo, a cantidade. escoller e expresar unha necesidade. Pedir un menú
7. Describir e narrar proxectos.
8. Comprender, pedir e dar información, consellos, ordes, desexos. Tranquilizar a alguén. Expresar a preocupación. Entrevistar a alguén.
9. Describir unha personaxe de maneira detallada ou unha situación.
10. Comunicar por teléfono..

Morfosintaxe

Determinantes interrogativos (Pourquoi?, Où?, Comment?) C'est / Ce sont / Ce n'est pas / Ce ne sont pas + nome. Conectores: et, mais. Determinantes posesivos. Determinantes demostrativos. Determinantes contractos (du / des). Os artigos indefinidos e a negación. Jouer de, faire de, avoir, avoir (Ne pas de) Vouloir / pouvoir + infinitivo. Preposicións de lugar :loin de, au milieu de, au fond de, en face de, etc. Où se trouve, pour aller... Pronomes persoais C.O.D. Colocación dos pronomes persoais C.O.D. Presente dos verbos en -er, venir, mettre, prendre, faire O imperativo O futuro próximo. Venir + de Adverbios de cantidade. Determinantes partitivos Expresión da causa: pourquoi, parce que. Aller à, au, aux, en + nomes de países, cidades e rexións. Fórmulas de cortesía, toma de contacto e despedida. Fórmulas para rexeitar unha invitación. Il faut / Il ne faut pas + (nome/infinitivo/pronome/pronome persoal).

Vocabulario e contidos temáticos:

A vila, os lugares públicos, as rúas. Lugares, países e rexións. As nacionalidades. A casa: obxectos e mobles. Vocabulario específico das comidas, Alimentos e tendas de alimentación. Vocabulario específico do comercio. As compras. As actividades de ocio. A roupa.

Contidos fonéticos

Entoación (esquema interrogativo/enunciativo). A liaison. O Ritmo da frase longa Revisión correspondencia grafía/fonética dos principais sons do francés, vocais nasais, g, j, gn, ai, v, b, f, r correspondencia ai /E/

Aspectos socioculturais

Os mozos e a súa necesidade de identidade (cousas, deportes, música, etc.) Rexións e capitais francesas. Volta a Francia gastronómica.

b) Contidos procedementais

Identificación e análise da forma, a función e o significado dos elementos que integran o sistema lingüístico

artigos, xénero e número, posesivos, interrogativos, demostrativos, adverbios de cantidade, conxugacións, .. Discriminación auditiva, recoñecemento e identificación de elementos significativos, entoacións, fonemas. Reproducción dos sons e entoacións do francés. Comprensión global e esencial de textos orais e escritos: cancións, poemas, diálogos, cómics, prensa, ... Producción de textos orais e escritos sinxelos :diálogos, descrições, pequenas narracións, ... Participación activa en diálogos, enquisas e dramatizacións, usando estratexias para manter a comunicación. Cumprimentación de fichas, cuestionarios, e produción de breves textos escritos a partir de pautas. Recurso a diferentes formas de aprendizaxe: proxectos, collages, xogos, cancións, adiviñas, ... Aplicación de técnicas de consulta e tratamento das fontes de información: consulta de cadros gramaticais, léxico personalizado, dicionario, interacción con compañeiros e profesores,...Uso de conectores, temporais e lóxicos.Comparación e diferenciación do funcionamento da lingua oral e escrita. Inducción e deducción de normas gramaticais. Reflexión sobre a propia aprendizaxe

c) Contidos actitudinais

Actitude positiva respecto á aprendizaxe do francés.Actitude reflexiva, creativa e cívica na comunicación oral. Actitude máis rigorosa ao interpretar e producir textos orais e escritos. Respecto e valoración das opinións alleas en intercambios orais e escritos. Respecto cara a outros pobos e culturas. Actitude crítica ante posturas de discriminación social, sexual e racial. Responsabilidade no traballo en grupo, colaboración e participación. Aceptación das regras de xogos e das formas de traballo na aula. Atención e concentración en clase e regularidade no traballo.Presentación coidada dos traballos.

Contidos mínimos de terceiro de ESO

a) Contidos conceptuais

Funcións comunicativas:

1. Pedir e dar informacións sobre alguen. Identificar, caracterizar e describir a persoas, físico, carácter, gustos e actividades, Contar as súas aficións e costumes. Comparar ,contradicir e demostrar interese.
2. Expresar sensacións e emocións. Dar instrucións e expresar intencións. Negar algo. Intercambiar opinións. Facer proxectos.
3. A familia, as relacións familiares .Felicitación un aniversario. Regalar algo. Dar as gracias.
4. Indicar a cronoloxía nas accións. Explicar un feito pasado (vacacións,). Narrar feitos pasados
5. Comparar as vantaxes e os inconvenientes de algo. Presentar as calidades dun obxecto.
6. Expresar a obriga. Expresar unha opinión. Facer suxestións, hipóteses e recomendacións.
7. Manifestar a súa satisfacción.

Morfosintaxe:

As fórmulas interrogativas. O xénero dos adxectivos cualificativos. Presente de indicativo (verbos en -er, -ir, -re,-oir). (Devoir, vouloir, pouvoir.) O *passé composé* (forma negativa e afirmativa).O futuro simple dos verbos regulares e irregulares. O imperfecto (forma e valores, *quand* + imperfecto). Os momentos da acción: *venir de, être en train de, aller+ infinitif*; Expresións de tempo (*chaque jour, un jour, tout à coup, aujourd'hui, quelquefois, parfois, souvent...*) Os adverbios de tempo: *demain, après-demain, la semaine prochaine, hier, avant-hier, aujourd'hui, l'année dernière, d'abord, ensuite, après, puis, finalement.*) A frase subordinada: *quand, parce que* Os pronomes *lui, leur, le, la, (l'),les*. A negación. Os comparativos. Os pronomes relativos (*qui, que*) O pronome *y* substituindo o lugar. O pronome *en*. A hipóteses (*si+presente+futuro*). As subordinadas temporais (*quand+ futur*)

Contidos léxicais:

O turismo. As vacacións. Actividades e accións da vida cotiá ligadas ao ocio. As sensacións e emocións.A descrição física; carácter, calidades y defectos; costumes; aficións. Os medios de transporte. As viaxes. As viaxes lingüísticas. As nacionalidades. A roupa e o corpo. A amizade. A familia. As festas. Expresións de cortesía. Expresións para dar a opinión.

Contidos fonéticos:

Les voyelles orais très proches [o] de *chaud*, [œ] de *soeur*, [o]de *pleut*, [O] de *porte*. Ritmo da frase corta e da frase longa. A liaison et o enchainement. A élision. A entoación. [p] de *partir*, [t] de *chanter*, [k] de *cabine*, [b] de *bateau*, [d] de *demain*, [g] de *gare*. Le son [r] dans *rat, partira, cher*. As vocáis e semivocáis [y] de *lui*, [yi] de *lui*, [wi] de *Louis*, [wa] de *loi*, [i] de *lit*; entoación e ritmo en frases largas. As consonantes fricativas [f] de *fête*, [v] de *voyage*, [s] de *suisse*, [z] de *zoo, hasard*, [ʃ] de *chat*, [ʒ] de *jouet*;

Contidos socio culturais:

Os mozos de hoxe (gustos, costumes, moda...). O Futuroscope. Evolución dos medios de transporte. Inventores franceses. Festas e celebracións en Francia. Días importantes para a humanidade.

b) Contidos procedementais

Predición e anticipación do contido de textos orais e escritos a partir da interpretación de elementos lingüísticos e non lingüísticos. Comprensión de ideas principais e secundarias en textos orais e escritos. Inferencia de significados de informacións descoñecidas mediante a interpretación de elementos contextuais e lingüísticos: título, ilustracións, formato, colocación, formación de palabras, etc. Identificación de trazos que diferencian o código oral e o escrito: elementos de cohesión e coherencia, redundancia e repetición, etc. Transmisión de información esencial a outras persoas sobre o escoitado ou lido. Planificación na emisión de mensaxes, considerando a intención comunicativa, a situación de comunicación e os interlocutores: rexistro. Desenvolvemento de estratexias que axuden a comunicar con éxito, mantendo un equilibrio entre a corrección formal e a fluidez: ortografía, pausas, signos de puntuación, etc. Realización de tarefas lectoras adecuadas ó tipo de texto e á finalidade coa que se le, dependendo de que a lectura sexa intensiva ou extensiva. Producción de textos orais e escritos que conteñan elementos de coordinación e subordinación.

c) Contidos actitudinais.

Amosar unha actitude positiva e interese cando se fale de aspectos culturais relacionados con outros países onde se fale a lingua estranxeira sen mostrar prexuízos ante criterios ou puntos de vista diferentes. Valorar a importancia do coñecemento dunha lingua estranxeira como facilitadora de intercambios persoais e culturais. Ter unha actitude reflexiva, creativa e cívica na comunicación oral e mostrar celta desinhibición no uso da lingua estranxeira. Desenvolver actitudes que axuden a valorar a cultura propia a partires do contraste con outras.

Contidos mínimos de cuarto de ESO**a) Contidos conceptuais****Funcións comunicativas:**

1. Presentar, describir e dar a benvida a alguén. Interrogar sobre un feito. Formular aceptar ou rexeitar invitacións.
2. Transmitir as palabras e as ideas de alguén.
3. Narrar feitos pasados.
4. Expresar a posesión.
5. Expresar a opinión, Dar consellos e recomendacións. Dar instrucións. Manifestar hipóteses.
6. Poñer de releve. Expresar desexos e intencións. Indicar unha obriga. Expresar a necesidade e a finalidade. Expresar sensacións e sentimentos.
7. Describir detalladamente a forma, características e función dun obxecto..
8. Facer comparacións e dar explicacións.
9. Expresar a certeza. Argumentar: defenderse ou acusar a alguén. Tranquilizar a alguén. Pedir axuda. Indicar a restricción. Manifestar a sorpresa.

Contidos morfosintácticos:

As tres formas de frase interrogativa. A pertenza: c'est le/la de.... À qui est-ce? C'est à.... O imperfecto, o passé composé e o futuro. Valores do passé composé e do imparfait. Relación dos tempos pasados entre si: passé composé, imparfait, plus-que-parfait. O estilo indirecto: demander ce que.... dire de.... demander pourquoi.. combien.. quand.. O subxuntivo: usos e forma. O condicional presente: uso e forma. A hipótese. A necesidade: avoir besoin de...il faut. A obriga: Il faut A posta en releve: c'est moi qui...c'est lui qui... A restricción: ne que Repaso e profundización dos pronomes en, y. A finalidade: pour + infinitif, pour que + subjonctif. Os pronomes posesivos e os pronomes tónicos os pronomes demostrativos. Expresións con avoir.

Contidos Léxicais:

As sensacións e os sentimentos. Adxectivos de descrición psicolóxica. A xornada. As tarefas domésticas, as conductas groseiras. Obrigas cotiás. Ecoloxía. Recursos da terra. Os sucesos policiais. A cara. Obxectos, formas, materiais, cores, elementos para elaborar un maquillaxe.

Contidos fonéticos /ortografía:

Oposición de vocais orais e nasais: [o] de beau / [Ô] de bon; [E] de sais/ [Ê] de saint; [a] de pas/ [â] de banc; as semivocais e as vocais cerradas. A entoación segundo a intención comunicativa. Homófonos lexicais.

Aspectos socioculturais:

Jacques Prévert. Molière e o teatro. Escritores clásicos (Jean de La Fontaine) e contemporáneos (Bernard Friot). Os patronímicos franceses. A publicidade en Francia. A prensa xuvenil. O cómic. A ecoloxía.

b) Contidos procedementais.

Comprender a intención do falante ó emitir mensaxes orais ou escritas. Inferencia de significados de informacións descoñecidas en textos mediante a interpretación de elementos lingüísticos: estrutura textual, formación de palabras, etimoloxía, prefixos e sufixos, etc. Uso de diferentes estratexias lectoras en función do tipo de texto e da finalidade con que se le. Uso de convencións propias da conversación natural en tarefas de simulación. Reflexión sobre as formas de mellora-las producións propias, tanto orais como escritas. Transferencia de informacións dun código a outro: visual a escrito, simbólico a lingüístico, etc. Valoración da corrección formal na produción de mensaxes orais e escritas. Producción de textos orais e escritos que conteñan elementos para dar cohesión e coherencia. Estructuración e organización en parágrafos das ideas que se desexan transmitir: planificación e desenvolvemento de ideas, signos de puntuación e conectores.

c) Contidos actitudinais

Valorar a lingua estranxeira como instrumento esencial para dominar os novos medios de comunicación tecnolóxica. Valorar a importancia da lingua estranxeira nas relacións internacionais, no traballo e noutros ámbitos da actividade. Afianzarse no proceso de autonomía de aprendizaxe da lingua estranxeira como punto final da súa formación básica. Interesarse por identificar perspectivas socioculturais en noticias ou temas de actualidade que transmiten os medios de comunicación.